



CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO AO CURSO 26/27

INTERPRETACIÓN - PERCUSIÓN

Proba A

Interpretación das obras amosando o control técnico necesario para unha comunicación da estrutura, ideas e materiais musicais das mesmas con rigor (40%). Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Dificultade do repertorio presentado
- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e planos sonoros.
- Dominio instrumental: control das diferentes técnicas de agarre, limpeza e claridade do son, proxección do son, preparación e elección de timbres e baquetas axeitadas.

Coherencia entre o estilo interpretativo do aspirante e a forma e estética das obras presentadas (40%). Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Fidelidade interpretativa acorde ao estilo: control da ornamentación, do rubato, das agónicas e dinámicas, do fraseo e da articulación.
- Fidelidade aos aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical.

Interpretación das obras amosando a capacidade expresiva necesaria para a posta en escena das mesmas (20%). Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Adecuación do xesto á interpretación musical e posta en escena axeitada ao contexto artístico e estético da obra.
- Concentración ao longo da proba, control postural e da respiración, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso), e a achega persoal ao enriquecemento da interpretación.

Proba B

Identificación a través da análise dos diferentes elementos e características da obra ou fragmento musical proposto. Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal e a análise dos diferentes parámetros presentes no texto musical proposto (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas).

Proba C

Interpretación pública do fragmento proposto polo tribunal amosando control da lectura á primeira vista. Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto.